



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

D. ALFREDO DOVALE PEDREIRA, Alcalde do Concello de Mañón,

### FAI SABER

Que o día 29 de agosto de 2022 foron recollidos **tres equinos** de propietarios/as descoñecidos/as do Monte veciñal en man común de Grañas do Sor.

Que os animais foron confinados por Manuel Ramudo Franco, e trasladados á finca A Panda - As Neves – Ortigueira. (A Coruña).

Consonte o disposto nos artigos 26 e 27 do Decreto 142/2012, do 14 de xuño, polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zosanitaria dos animais equinos en Galicia e no artigo 86.4 da Lei 7/2012, de 28 de xuño de montes de Galicia, este Concello arbitra as seguintes medidas:

1º) As persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias dos animais e que reclamen o rescate deberán acreditar a súa propiedade perante a autoridade municipal competente, facerse cargo dos danos que tivesen causado e identificar os equinos, nas condicións previstas no Capítulo IV do dito decreto 142/2012, do 14 de xuño, previamente a súa retirada das dependencias de custodia. Tamén deberán aboar os gastos de captura e mantemento durante os días de confinamento.

2º) Os equinos capturados, non identificados e non reclamados, consideraranse mostrencos para todos os efectos e o Concello procederá conforme ó artigo 28.1 do Decreto 142/2012.

De conformidade co disposto, ábrese un período de cinco días hábiles a contar dende o seguinte ó da publicación deste bando no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e nos establecementos públicos da parroquia de Grañas, para que as persoas propietarias dos animais poidan reclamalos.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica

O ALCALDE

Alfredo Dovale Pedreira